



CASA DO REI. RODEIRO (PONTEVEDRA)



Posado familiar: Anila; Suso, María e o seu fillo Xavier; os avós de Suso, e Raúl, o empregado

Ante a incerteza, diversificación

Casa do Rei inicia estes días un novo proxecto, unha granxa de polos ideada a partir parte da crise de prezos do leite dos anos 2015 e 2016 e que complementará os ingresos da explotación láctea, a cal non desbotan ampliar se a evolución do sector vai a mellor.

Localización: Rañeiras, Álceme (Rodeiro)

N.º total de animais: 240

Vacas en muxidura: 114

Empregados: 1

Media de produción (normalizada a 305 días):

11.250 kg/vaca (ano 2017)

Porcentaxe de graxa: 4,34 %

Porcentaxe de proteína: 3,24 %

RCS: 181.000 cel./ml

ICO: 2.414

Superficie agrícola: 75 ha

Media de doses de seme por preñez: 3,2

N.º medio de partos da explotación: 2,6

Prezo do leite: 0,31 €/kg + IVE

Casa do Rei é unha gandería familiar con forma xurídica de sociedade cooperativa da que forman parte os irmáns Suso e José Manuel Montes Vázquez; a súa nai, Anila Vázquez Rodríguez, e a muller de Suso, María Vilar Brocos.

No mes de abril estaban muxindo 114 vacas, algo máis do habitual, dentro dun rabaño que ascende a 240 animais.

Suso, Anila e Raúl –o empregado– traballan a tempo completo, mentres que María e José Manuel o fan a tempo parcial. O pai de Suso e José Manuel traballa fóra, pero cando libra tamén axuda na explotación.

Pertencen á cooperativa O Rodo, a cal lles fornece unha ampla variedade de produtos (zoosanitarios, fitosanitarios, alimentación, fertilizantes, sementes, gasoil, ferretería...), así como os servizos veterinarios de clínica, reprodución e calidade do leite. Ademais, négocialles o prezo do leite a todos os seus socios de maneira conxunta.

INSTALACIÓNS E ORGANIZACIÓN DO GANDO

Fagamos algo de historia: cando os pais de Suso e José Manuel tomaron para as rendas da explotación deixaron as vacas de carne que tiñan os avós e pasáronse ás de leite. Desde aquela fixeron tres establos, o primeiro de 19 prazas trabadas e con sistema de muxido en caldeiro, despois outro de estabulación libre con sala de espiña de peixe de 8 puntos e máis recentemente, no ano 2008, outro máis grande debido a que o anterior se lles quedaba pequeno. A posteriori, en 2011, substituíron a sala de muxido por unha traseira de vinte puntos.

Teñen un recuperador de calor co que quentan practicamente toda a auga que necesitan para lavar o tanque e a sala, e tamén dispoñen dun variador de frecuencia co mesmo obxectivo de contribuír ao aforro enerxético.



Vista xeral das instalacións de Casa do Rei

No ano 2014 ampliaron a nave nova coa intención de dobrar o número de animais, pero a crise de prezos que veu a continuación obrigounos a reformular os seus plans inmediatos e, finalmente, optaron por facer unha granxa de polos que empezará a funcionar estes días. Con todo, non desbotan a posibilidade de ampliar o rabaño máis adiante se o mercado do leite se estabiliza e a Administración lles concede algunha axuda. Entrementes, a esa parte sácanlle partido como almacén de maquinaria e forraxes.

A día de hoxe están utilizando todos os establos. As vacas de leite, o lote de parto e as becerras a partir dos seis meses están no novo. “Cando construímos esta nave démoslle a altura máxima permitida pola lexislación para evitar problemas de estrés por calor no verán”, explica Suso. Isto, sumado ao teito de panel sándwich e á malla cortaventos dos laterais, fai que non lles resulte preciso o uso de ventiladores artificiais. Onde si son indispensables é nos vellos, debido á súa construción máis pechada e ao menor illamento térmico que proporciona a chapa de uralita.

No establo máis antigo teñen boxes individuais para as xatas ata a desteta –que lles practican aos dous meses e medio– e unha zona emparrillada para as destetadas.

Na outra nave aloxan as xovencas desde un ano ata que lles diagnostican a preñez. Na actualidade teñen moita recría e vense obrigados a botar man doutro cuberto para gardar algunhas becerras pequenas.

As vacas en lactación descansan en cubículos con camas de area. Antes eran de serraduras e carbonato, pero un brote de mamite que tiveron hai xa máis de dous anos impulsounos a facer o cambio. “A area ten os seus pros e os seus contras, pero os beneficios son maiores: case non hai casos clínicos de mamite, as camas son mellores de facer e é un material fácil de aplanar. En contra, o desgaste da arrobadeira e o sedimento que se vai depositando na fosa, aínda que a temos cunha rampa para poder limpala todos os anos”, aclara Suso. Aplanan as camas á mañá e á noite e límpnanas outras dúas veces ao día. ▶▶

Seal⁺ plus

FROM 2GAMMA THE INVENTOR OF OXYGEN BARRIER SILAGE FILM

Distribuido exclusivamente por:
AGUSTI PLA NESPLE Tona (Bcn)
Mobil: +34 609 729711
Mail: agustipla@hotmail.com

La Pelicula de plástico para ensilaje con Barrera de Oxígeno EVOH

- ✓ Barrera de Oxígeno EVOH.
- ✓ Anchura: desde 4 a 56 mt. Longitud: hasta 600 mt.
- ✓ Adecuado para todas las necesidades



Objetivo de SealPlus es proteger su silo, bloqueando la transpiración de oxígeno, que es la principal causa del deterioro del ensilado.

Seal⁺ plus

SealPlus - 2 Gamma Srl;
Corso Inghilterra 15, Mondovì, CN - Tel. +39 0174 597679 - www.sealplus.com - info@sealplus.com

Contan con tres fosas de xurro de 800.000, 300.000 e 100.000 litros, e todas cubertas para non almacenar auga. Porén, agora están pensando en facer outra porque “cando se fixo o establo novo había unhas 60 vacas en muxidura; daquela chegaba ben, pero hoxe xa se nos queda pequena”, asegura este gandeiro pontevedrés.

No lote de parto, ao que ingresan as femias uns vinte días antes do parto, teñen cama quente de palla, igual que para as becerras pequenas. En cambio, para as xovencas máis grandes optaron pola cama de colchoneta.

Desde hai un ano apostan polo secado selectivo: “Unicamente tratamos con antibióticos as vacas que teñen células, o resto só leva tapón. Non notamos ningún efecto en contra e non tes que ter a precaución de non mandar o leite para o tanque antes de que transcorran os días obrigatorios desde a prescrición do antibiótico”, manifesta.

ALIMENTACIÓN

Para as vacas de leite elaboran unha ración composta por 20 quilos de silo de millo, 14 de silo de herba, 10 de bagazo de cervexa, 0,8 de herba seca e 11,3 de penso. O último subproduto que engadiron foi o bagazo –que traen de Portugal–, o cal Suso asegura que “funciona ben porque é moi húmido e a mestura queda moito máis homoxénea”. Cando visitamos a explotación estábanlles incorporando patacas á ración, aínda que de xeito extraordinario debido a un excedente puntual.

O servizo de carro préstallelo a cooperativa, pero só para os animais de produción. Para o lote de parto e as xatas desde os seis meses ata que lles diagnostican a preñez elaboran eles mesmos outra ración cos seguintes alimentos: 4 quilos de herba seca, 9 de silo de herba e 3 de silo de millo. O penso dánllo á parte, dependendo de se son becerras pequenas, xovencas ou vacas próximas ao parto.

“As xovencas preñadas e as vacas secas témolas todo o ano fóra. Están con herba seca e con pasto ata uns 20 días antes de parir, que as volve-mos meter dentro coa ración de parto”, expresa.

▶ PERTENCEN Á COOPERATIVA O RODO, A CAL NEGOCIA O PREZO DO LEITE A TODOS OS SEUS SOCIOS DE MANEIRA CONXUNTA. DESDE O ANO 2000 VÉNDENLLO A LARSA



A ración das vacas de leite fáillela a cooperativa O Rodo



Optan polas camas de area para as vacas de produción

SUPERFICIE E LABORES AGRÍCOLAS

“Traballamos sobre 70 ou 75 hectáreas, non che sei dicir agora exactamente. A millo temos 25 e o resto é pradeira. As fincas están moi dispersas porque a maior parte témolas en alugueiro, e as que están máis lonxe só as utilizamos para millo –unhas 18 hectáreas–; en cambio, nas que están máis preto facemos rotación con herba”, explica Suso.

Conta que a súa zona non reúne as mellores condicións para a produción de millo, xa que “o sol aperta moito no verán e hai poucos días de chuvia”. A campaña de ensilado contrátanlla sempre á cooperativa O Rodo.

“Temos tres tractores, un de 90 cabalos, outro de 100 e outro grande de 200 para sacar as cubas de xurro, gradar e esas cousas. O ensilado da herba e os traballos de preparación das terras facémolos en parte, dependendo de como veña a campaña. Se vén moi apurada, contratamos”, manifesta. ▶▶



Moxen ás oito da mañá e ás sete e cuarto da tarde



Vacas esperando a súa quenda de muxido



Xatas en cama quente no establo novo

COMERCIALIZACIÓN DO LEITE

Desde o ano 2000 vénndelle o leite a Larsa. A cooperativa negocia o prezo, pero os contratos son individuais e firmanse de ano en ano. O prezo oscila todos os meses, xa que cobran un 70 % a un prezo base fixo de 280 euros/tonelada e un 30 % a un prezo

variable, segundo unha fórmula que ten en conta as cotizacións da man-teiga e o leite en po no mercado internacional. Coas primas de cantidade, calidades e súper A, nos últimos meses obtiveron un importe final de 31 cts./kg máis IVE.

► DESDE HAI UN ANO APOSTAN POLO SECADO SELECTIVO: “UNICAMENTE TRATAMOS CON ANTIBIÓTICOS AS VACAS QUE TEÑEN CÉLULAS, O RESTO SÓ LEVA TAPÓN”, APUNTA SUSO

REPRODUCCIÓN E XENÉTICA

Ata hai pouco as femias que nacían en Casa do Rei quedaban todas na granxa para repoñer e engrosar o rabaño, pero agora teñen un exceso de recría e están empezando a vender tanto xovencas preñadas como xatas pequenas.

As xovencas adoitan practicarlles a primeira inseminación arredor dos 14 meses, aínda que o que máis teñen en conta é o talle do animal; así, a media de idade ao primeiro parto é de 24,7 meses. As dúas primeiras inseminacións fánllelas con seme sexado e, se non quedan preñadas, optan polo convencional.

A detección de celos lévana a cabo de forma visual, se ben Suso apunta: “Facemos reprodución todas as semanas, así que a vaca que non lle pillaches o celo sincronízase ou vólvese inxectar para vela en celo”. A taxa de detección está actualmente no 59,47 % en xovencas e no 71,21 % en vacas.

O número medio de inseminacións por preñez do ano pasado foi de 3,2. A taxa de fertilidade é do 35,56 % en xovencas e do 29,52 % en vacas, mentres que a de preñez é do 19,36 % en xovencas e do 21,02 % en vacas.

Hai máis de dez anos que empezaron a utilizar a técnica de transferencia embrionaria, un servizo que lles proporciona a Finca de Mouriscade da Deputación de Pontevedra. “Estamos implantando embrións comprados e mais os que lles sacamos ás nosas xovencas en animais nos que a xenética non é tan boa. Nalgunhas vacas repetidoras utilizámoslos como terapia de preñez; neses casos non son embrións de elite, senón embrións de fertilidade, e nunha porcentaxe alta funciona”, explica.

Tamén di que ten ganas de empezar a facerlles a proba xenómica a todas as femias para recriar só das que realmente transmiten bos índices. “Agora estámolo facendo de forma puntual nas becerras con xenética máis alta”. Deses animais, precisamente, é dos que están extraendo embrións que colocan en receptoras de peor valor xenético. ►►



**JOSÉ LUIS
MÉIJOME BLANCO**
Técnico de
apareamentos de
Africor Pontevedra

Nesta explotación levamos dez anos co programa de apareamentos. Nas lactacións finalizadas do ano 2007 tiña 9.200 kg de produción e agora está en 11.250. En graxa pasou do 3,68 ao 4,34 % e en proteína dun 3,20 a un 3,24 %. No ano 2007 tiña 38 lactacións finalizadas e o ano pasado tivo 99, ou sexa, que á parte de mellorar nos índices de produción, tamén mellorou moi considerablemente no número de animais. En cualificación subiu tres puntos nesta década, pasando a media do establo de 78 a 81, entón eu creo que tamén é unha suba considerable.

O obxectivo agora en Casa do Rei é que os animais preñen un pouco mellor, que é unha das materias pendentes desta raza.

Hai gandeiros que lles gusta participar máis da elección dos touros e outros déixana un pouco de man do técnico, sempre e cando poñan uns límites tanto económicos como de casas comerciais.

A xenómica é unha ferramenta moi importante para coñecer os índices dos animais novos con máis fiabilidade; tamén nos brinda a posibilidade de ter unha base de datos das caseínas do leite e, ademais, sêrvenos para ter localizados os xenes recesivos.



As xatas aliméntanse a base de penso e herba seca desde a desteta ata os 6 meses



As vacas secas e as xovencas preñadas están sempre no pasto



**HÉCTOR
MARTÍNEZ SANZ**
Responsable do equipo
de transferencia
embrionaria da Finca
de Mouriscade

O que pretende a transferencia embrionaria é acelerar o número de descendentes eficientes e, polo tanto, aumentar os animais máis rendibles da explotación. Agora mesmo temos unha ferramenta fantástica, a xenómica, que nos permite recoñecer eses animais antes de que pairan e poder traballar con esa xenética máis nova incorporando outras biotecnoloxías, como é a utilización de seme sexado, para incrementar o número de femias do rabaño.

Suso empezou no ano 2005 a traballar coa xenética inicial que tiñamos en Mouriscade e desde ese ano regularmente vai incorporando xenética nova; imos facendo recolectas na granxa e implantando embrións que está comprando no mercado.

Agora mesmo ten doce animais procedentes de transferencia embrionaria e dos mellores exemplares que ten, os seis primeiros por índices xenéticos son descendentes de Mouriscade.

Para a elección dos touros buscan saúde, leite e produción. “Non buscamos animais de concurso, pero tampouco queremos touros que empeoren os datos de morfoloxía”, apunta. Este ano están traballando con Horizon, Sanxurxo e Supertoro, tres sementais xenómicos de Xenética Fontao.

Utilizan o programa de apareamentos de Africor Pontevedra, con cuxos resultados se mostran satisfeitos, xa que a produtividade da granxa aumentou considerablemente nos últi-

mos anos. Grazas a este sistema tamén evitan que se dispare a consanguinidade, á cal José Luis Méijome se refire “como un dos grandes problemas” da raza frisona.

“O día que se fan os acoplamentos vén o técnico e dámoslle unha visual ao establo. Ao mellor hai algunha vaca á que lle queremos poñer un touro puntual, pero poden ser dous ou tres casos. Para o resto búscanse uns parámetros e un programa informático fai os acoplamentos”, aclara.

Sen dúbida, en Casa do Rei están apostando pola mellora do rabaño para un futuro máis prometedor. Quizais a clave destas decisións estea no parecer de Suso: “O presente é algo incerto co tema dos xurros, o prezo do leite... pero o futuro penso que vai depender máis da xestión que cada explotación faga dos seus recursos, da terra, da man de obra etc.” Oxalá a opinión deste produtor pontevedrés se faga realidade e o porvir do sector lácteo estea, por fin, nas mans dos seus protagonistas: os gandeiros. ■



Co bagazo de cervexa conseguen unha ración máis húmida e homoxénea